

*Disposición derradeira*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2005.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 19 de xullo de 2005 pola que se lles conceden axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias en empresas de ámbito transnacional (cofinanciadas polo Fondo Social Europeo), segundo prazo.*

Por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 16 de decembro de 2004, convocáronse axudas para alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidos con fondos públicos, que participen en estadias en empresas de ámbito transnacional (cofinanciadas polo Fondo Social Europeo).

Vista a proposta da comisión de selección prevista no punto noveno da citada orde,

### **RESOLVO:**

Primeiro.-Conceder con cargo ao concepto orzamentario 07.04.322S.481.0 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, as axudas que se relacionan no anexo I, correspondentes ao segundo prazo da convocatoria para 2005 por un importe total de 84.539 €.

Segundo.-Recoller no anexo II as axudas denegadas.

Terceiro.-De acordo co punto décimo primeiro da orde de convocatoria as axudas serán aboadas da seguinte forma:

Para as axudas que non superen o importe de 6.000 €, aboarase un anticipo de pagamento de ata un 80%, logo da aceptación da subvención. O 20% restante librarase unha vez finalizada a actividade e despois da súa completa xustificación económica por parte do centro e entrega da memoria de acti-

vidades, xuntando certificación respecto da percepción ou non doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, para efectos do disposto no artigo 78.4º e) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Nas axudas que superen esta cantidade o pagamento realizarase integramente unha vez finalizada e xustificada a actividade.

Cuarto.-De acordo coa normativa vixente, os beneficiarios quedarán obrigados a:

1. Aceptar a axuda concedida. Neste sentido, se no prazo de quince días, contados a partir da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda, o centro beneficiario non a acepta, entenderase que renuncia á súa percepción.

2. Facilitar a información requirida e someterse ás accións de comprobación ou control financeiro que poida efectuar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os organismos competentes.

3. Xustificar o correcto investimento das axudas recibidas, mediante a presentación da seguinte documentación:

Unha vez efectuada a viaxe, o centro docente, como entidade colaboradora da xestión de axudas públicas, deberá, de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, tramitar a seguinte documentación no prazo máximo dun mes:

1. Certificación do Consello Escolar do centro aprobatoria das contas, xuntando unha relación dos gastos efectuados e copia compulsada das facturas.

2. Certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou ente público.

3. Certificación do director do centro no que se faga constar a empresa ou centro de acollida e as datas exactas de duración da estadia, o nome e número do DNI dos alumnos e/ou dos profesores participantes, indicando neste caso se é coordinador ou participante na estadia.

4. Xustificación da totalidade do custo da viaxe de acordo coa axuda concedida. O importe da subvención nunca poderá superar illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza. No caso de que o custo final sexa inferior á axuda concedida deberase minorar a axuda en proporción á axuda xustificada.

5. Memoria do traballo realizado durante a estadia no país de acollida que incluíra os seguintes datos:

5.1. No caso das visitas preparatorias: obxectivos acadados de cara á realización do proxecto e un breve resumo deste: descrición, datas, etc.

5.2. Estadías de alumnos: programación e avaliación das actividades realizadas con descrición de procesos produtivos, tecnoloxías utilizadas, posibilidades doutras estadías e aspectos positivos e negativos que hai que considerar.

5.3. Estadías de profesores: certificación da empresa ou centro de acollida na que se indiquen as datas e as características da estadía realizada. Memoria do traballo desenvolvido, no que se farán constar, entre outros, os seguintes aspectos:

a) Descrición do proceso produtivo. Perfís profesionais que participan, diferenciados segundo os niveis de cualificación.

b) Realizacións máis significativas de cada perfil profesional.

c) Tecnoloxías utilizadas e a súa presenza no equipamento de cada equipo formativo (valoración da súa necesidade ou conveniencia de incorporalo).

d) Cambios que se prevén no sistema produtivo (evolución do da competencia profesional).

e) Programa de formación en centros de traballo que se podería realizar nesa empresa e nos diferentes ciclos formativos da súa familia profesional.

f) Posible formación do profesorado que podería desenvolver a empresa ou traballadores que poderían colaborar no plan de formación do profesorado de formación profesional específica.

g) Valoración da estadía de formación: aspectos positivos e aspectos que se deben mellorar.

Os proxectos e traballos realizados polos centros seleccionados quedarán en poder da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, reservándose o dereito de difundir os traballos realizados en función da súa orixinalidade e pasando a formar parte dos fondos documentais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Quinto.-De acordo co establecido no Regulamento (CE) nº 1159/2000, da comisión, do 30 de maio de 2000 (DO L 130/30, do 31 de maio), os centros educativos que figuran no anexo I tomarán as medidas oportunas para informar os alumnos e profesores que van realizar as estadías formativas en empresas que as axudas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Sexto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO I

### AXUDAS CONCEDIDAS 2º PRAZO

CENTRO ESCOLAR	CONCELLO	TIPO ACCIÓN	TÍTULO PROXECTO/PROFESOR PARTICIPANTE	PROFESORES	ALUMNOS	PAÍS DESTINO	INICIO	FIN	AXUDA SOLICIT. (€)	AXUDA CONCEDIDA (€)
ESCOLA DE ARTE ANTONIO FAÍLDE	OURENSE	EA	DESEÑO DE INTERIORES E PROXECTO	0	2	ITALIA	6-6-2005	16-7-2005	3.300	3.300
IES EUSEBIO DA GUARDA	A CORUÑA	EA	TERMALIA 05	0	10	HUNGRÍA	24-10-2005	4-12-2005	17.250	17.250
COLEXIO DANIEL CASTELAO	VIGO	EA	REALIZACIÓN DE FCT NUN PAÍS ESTRANXEIRO	0	3	ROMANÍA	1-5-2005	29-5-2005	4.168,38	4.125
IES ESCOLAS PROVAL	NIGRÁN	EA	XOVES TITULADOS DAS ESCOLAS PROVAL-MALTA	0	3	MALTA	1-10-2005	12-11-2005	4.725	4.725
IES ESCOLAS PROVAL	NIGRÁN	EA	XOVES TITULADOS DAS ESCOLAS PROVAL-ALEMAÑA	0	3	ALEMAÑA	5-9-2005	16-10-2005	4.950	4.950
IES ESCOLAS PROVAL	NIGRÁN	EA	XOVES TITULADOS DAS ESCOLAS PROVAL-ROMANÍA	0	3	ROMANÍA	1-6-2005	9-7-2005	4.725	4.425
IES ESCOLAS PROVAL	NIGRÁN	EA	XOVES TITULADOS DAS ESCOLAS PROVAL-INGLATERRA	0	3	REINO UNIDO	20-6-2005	31-7-2005	4.950	4.950
IES DE TEIS	VIGO	VP	VISITA PREPARATORIA A HOLANDA	1	0	HOLANDA	3-4-2005	7-4-2005	1.830	900
COLEXIO DANIEL CASTELAO	VIGO	EP	PROXECTO DE FORMACIÓN EN EMPRESAS DE ÁMBITO TRANSNACIONAL	1	0	MALTA	23-7-2005	6-8-2005	1.089	1.089
IES ILLA DE SARÓN	XOVE	EA	PROXECTO BERGEN 2005 (II)	0	2	NORUEGA	29-8-2005	26-9-2005	3.300	3.300
ESCOLA DE ARTE ANTONIO FAÍLDE	OURENSE	VP	VISITA PREPARATORIA Á INDIA	1	0	INDIA	15-10-2005	21-10-2005	1.350	1.350
ESCOLA DE ARTE ANTONIO FAÍLDE	OURENSE	EA	ESTADÍA EN MALTA	0	3	MALTA	1-7-2005	14-8-2005	4.725	4.725
IES A GUÍA	VIGO	VP	VISITA PREPARATORIA A BULGARIA	1	0	BULGARIA	5-7-2005	20-7-2005	1.050	1.050
IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR	VILAGARCÍA DE AROUSA	VP	VISITA PREPARATORIA	1	0	BULGARIA	5-7-2005	20-7-2005	1.050	1.050
IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR	VILAGARCÍA DE AROUSA	EA	ESTADÍA DE ALUMNOS EN EMPRESAS	0	1	ALEMAÑA	1-9-2005	30-11-2005	1.725	1.650
IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR	VILAGARCÍA DE AROUSA	EA	ESTADÍA DE ALUMNOS EN EMPRESAS	0	1	IRLANDA	3-10-2005	15-12-2005	1.725	1.725

CENTRO ESCOLAR	CONCELLO	TIPO ACCIÓN	TÍTULO PROXECTO/PROFESOR PARTICIPANTE	PROFESORES	ALUMNOS	PAÍS DESTINO	INICIO	FIN	AXUDA SOLICIT. (€)	AXUDA CONCEDIDA (€)
ESCOLA SUP. DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN	PONTEVEDRA	EA	PRÁCTICAS DE CONS. E REST. NO MUSEO REXIONAL DE ARQUEOLOXÍA	0	1	PORTUGAL	1-10-2005	31-12-2005	925	925
IES RIBEIRA DO LOURO	O PORRIÑO	VP	UNHA PONTE CON SUDAMÉRICA PARA A FORMACIÓN NO SECTOR DA PEDRA NATURAL	1	0	BRASIL	16-10-2005	26-10-2005	1.350	1.350
IES MONTE CASTELO	BURELA	EA	VOCATIONAL TRAINING: TRAINING PERIODS IN THE EU-III	0	8	ITALIA	14-11-2005	16-12-2005	12.200	12.200
IES NÚMERO 1 LUGO	LUGO	EP	PROGRAMA DE ACTUACIÓN SOCIO SANITARIA (PASS)	1	0	FRANCIA	24-9-2005	2-10-2005	800	800
IES NÚMERO 1 LUGO	LUGO	EP	PROGRAMA DE ACTUACIÓN SOCIO SANITARIA (PASS)	1	0	FRANCIA	24-9-2005	2-10-2005	800	800
IES NÚMERO 1 LUGO	LUGO	EP	ACTUALIZACIÓN EN DIAGNÓSTICO CLÍNICO	1	0	SUÍZA	3-10-2005	7-10-2005	1.000	1.000
IES NÚMERO 1 LUGO	LUGO	EP	ACTUALIZACIÓN EN DIAGNÓSTICO CLÍNICO	1	0	SUÍZA	3-10-2005	7-10-2005	1.000	1.000
IES ÁNHEL CASAL	A CORUÑA	EP	ACTUALIZACIÓN DAS TÉCNICAS DE MICROBIOLOXÍA E HEMATOLOXÍA	1	0	SUÍZA	10-10-2005	14-10-2005	1.000	1.000
IES MONTE CASTELO	BURELA	EP	PROGRAMA DE ACTUACIÓN SOCIO SANITARIA (PASS)	1	0	FRANCIA	24-9-2005	2-10-2005	800	800
IES AS MERCEDES	LUGO	EP	PROGRAMA DE ACTUACIÓN SOCIO SANITARIA (PASS)	1	0	FRANCIA	24-9-2005	2-10-2005	800	800
IES PONTEPEDRIÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	EA	ESTADÍA DE ALUMNOS EN EMPRESAS DE LON. E PARÍS	0	3	FRANCIA	1-4-2005	30-4-2005	3.300	3.300

IMPORTE TOTAL: 84.539 €

## ANEXO II

## AXUDAS DENEGADAS

CENTRO ESCOLAR	CONCELLO	TIPO ACCIÓN	TÍTULO PROXECTO/PROFESOR PARTICIPANTE	PROFESORES	ALUMNOS	PAÍS DESTINO	INICIO	FIN	AXUDA SOLICIT. (€)	MOTIVO
IES DE TEIS	VIGO	VP	VISITA PREPARATORIA Á REPÚBLICA CHECA	1	0	REPÚBLICA CHECA	1-9-2005	7-9-2005	1.960	FÓRA DE PRAZO
IES FERNANDO BLANCO	CEE	EP	ESTADÍAS FORMATIVAS EN EMPRESAS	1	0	ITALIA/R.U.	11-7-2005	7-8-2005	1.750	RENUNCIA
ESCOLA SUP. DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN	PONTEVEDRA	EA	SOLICITUDE AXUDAS ESTADÍAS EN EMPRESAS TRANSNACIONAIS	0	1	ITALIA	15-9-2005	31-10-2005	1.650	RENUNCIA
COLEXIO DANIEL CASTELAO	VIGO	EP	ADQUIRIR COÑECEMENTOS DUNHA FERRAMENTA E-LEARNING	1	0	COLOMBIA	15-8-2005	15-9-2005	2.450	TIVO UNHA AXUDA NESTA MESMA CONVOCATORIA

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Corrección de erros.-Resolución conxunta do 27 de maio de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se ordena a publicación do acordo subscrito pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais UGT, CSI-CSIF, CEM-SATSE, CC.OO. e CIG polo que se regulan as condicións de traballo e retributivas do novo modelo de atención primaria, se crean postos de traballo de médicos de familia e diplomados de enfermaría en puntos de atención continuada e se revisan as contías das gardas para o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.*

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 105, do 2 de xuño de 2005, cómpre facer as oportunas correccións:

Na páxina 9.542, artigo sexto, punto 1. Incremento da retribución por gardas, valor en maio 2005 das gardas, na táboa terceira, onde di: